



# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

I.E.S. Plurilingüe Xosé Neira Vilas

Perillo (Oleiros, A Coruña)



*A competencia en comunicación lingüística é fundamental para o crecemento persoal e social do individuo, é unha peza clave na aprendizaxe de calquera materia e a porta de entrada ao coñecemento e a información. Custa pensar nunha situación educativa na que a lingua, oral ou escrita, non sexa un eixo instrumental de primeira necesidade.*

*Fco. Xabier San Isidro Agrelo (coordinador)*

**CLIL: integrando linguas “a través” do currículo,**  
*Xunta de Galicia, 2009*

## 1. Descrición do medio e da situación sociolingüística

(Datos estatísticos para o curso 2011-2012)

### 1.1. Taxonomía do alumnado segundo a súa orixe

A poboación discente do instituto ascende a 213 persoas. A súa distribución, segundo **lugar de nacemento**, é a seguinte:

<i>nacemento</i>		<i>ESO</i>	<i>Bach</i>	<i>SUMA</i>
Estado Español		126	29	<b>155</b>
América de lingua española		21	4	<b>25</b>
Brasil		21	3	<b>24</b>
Suíza		2	1	<b>3</b>
Unión Europea	Francia	1		<b>1</b>
	Países Baixos		1	<b>1</b>
	Reino Unido	1		<b>1</b>
Romanía		1		<b>1</b>
Estados Unidos de América		1		<b>1</b>
China		1		<b>1</b>
<b>total</b>		175	38	<b>213</b>

Tendo en conta que varios dos alumnos e alumnas naturais da Unión Europea e os nados en Suíza e nos EE.UU. pertencen a familias galegas emigradas a aqueles lugares e logo retornadas, desde o punto de vista da súa historia e práctica lingüística é perfectamente lexítimo asimilalos ás familias galegas, de xeito que pode simplificarse grandemente o cadro anterior do xeito seguinte:

<i>nacemento</i>	<i>ES</i>	<i>Bac</i>	<i>SUM</i>	<i>porcen</i>
	<i>O</i>	<i>h</i>	<i>A</i>	<i>taxe</i>
Estado Español e familias galegas	131	31	<b>162</b>	<i>76,1</i>
América de lingua española	21	4	<b>25</b>	<i>11,7</i>
Brasil	21	3	<b>24</b>	<i>11,3</i>
Outros (Romanía e China)	2		<b>2</b>	<i>0,9</i>
<b>total</b>	175	38	<b>213</b>	<i>100</i>

Nalgún caso cabería a mesma asimilación entre o alumnado procedente da América falante de español: non o facemos pola dificultade estatística en discriminar individualizadamente cada caso.

### 1.2. Práctica e hábitos lingüísticos do alumnado

Entre os alumnos do primeiro grupo da táboa anterior (*nacidos no Estado Español ou no seo de familias galegas no estranxeiro*), que abrangue tres cuartos do total, sabemos establecer tres grupos:

1.2.1. Monolingües en español, o que non está en contradición coa teoría e praxe do sistema educativo galego, isto é, alumnas e alumnos que só empregan o galego dentro do centro e nas disciplinas onde é obrigatorio.

1.2.2. Falantes máis habituais de español, que empregan esporadicamente o galego na súa contorna familiar e de convivencia (con avós, en visitas ao lugar de orixe familiar cando este é de práctica monolingüe en galego, cos pais máis raramente...)

1.2.3. Monolingües en galego

A comisión elaboradora do presente *Plan Lingüístico de Centro* redactou un proxecto de enquisa destinado a coñecer con precisión a distribución da poboación estudante do centro entre os tres grupos enriba relacionados, e aínda a existencia dun hipotético cuarto grupo, falantes máis habituais de galego sen seren monolingües. Con todo, a enquisa non chegou a realizarse, aínda que agardemos facelo no futuro, de xeito que o único dato obxectivo que podemos achegar polo de agora é que o grupo 1.2.3 só conta cun 0,94 % da poboación discente, é dicir, con dous representantes. Noutras palabras, a lingua vehicular clarisimamente **dominante** entre o alumnado do centro é o **español**.

Verbo dos outros grupos determinados pola orixe xeográfica, cómpre igualmente estender a práctica monolingüe do español aos nacidos na América de fala española, o que elevaría a porcentaxe para esta situación ao 86,9 %. En canto aos restantes, hai un único alumno de lingua familiar romanese, outro en chinés, e sobresaie con forza o grupo dos brasileiros (11,3 %), que non teñen o portugués só como lingua vehicular no seo das súas familias, senón que o empregan amplamente dentro do centro escolar, xa que despregan unha acusada tendencia a relacionárense entre si, formando grupos con independencia dos grupos académicos.

## 2. Linguas vehiculares na actividade académica

En virtude da súa adscrición ao ensino bilingüe primeiro, e máis tarde –a partir do curso 2010-2011– da súa clasificación como Instituto Plurilingüe, o I.E.S.P. *Xosé Neira Vilas*

imparte unha serie de disciplinas que empregan como vehiculares outras linguas alén das dúas oficiais en Galiza:

2.1. Como seccións bilingües, nos dous últimos cursos do ESO e no Bacharelato certas disciplinas non lingüísticas se imparten en francés, e algunhas outras en inglés.

2.2. Como Instituto Plurilingüe, parte do currículo non lingüístico (Xeografía e Historia) impártese en francés, inicialmente no primeiro do ESO, o que no presente 2011-2012 se estendeu ao segundo curso.

Aquelas materias de ESO cuxa lingua non vén **imposta** polo decreto 79/2010, do 20 de maio (artigo 7º, punto 3), veñen impartíndose, por decisión do centro educativo,  
e Bacharelato

### 3. Obxectivos do Plan Lingüístico de Centro (PLC)

Este documento debe constituír o instrumento esencial de organización do proceso de ensino-aprendizaxe en todos cantos aspectos afecten dalgunha maneira ás linguas presentes no centro:

- Verbo da normalización das linguas vehiculares oficiais en Galiza.
- En todo canto atinxa ás seccións bilingües e ás ensinanzas plurilingües.
- Para o hipotético alumnado futuro que chegue desde o exterior de Galiza e descoñeza un ou os dous idiomas oficiais, precisando do pertinente programa de adquisición de linguas.
- Mesmo no referente a outras linguas presentes no centro por seren vehiculares e familiares para o alumnado.

A finalidade última deste PLC é activar a **sensibilidade lingüística** de toda a comunidade educativa, pais incluídos, acadar o máximo **respecto** para todas as linguas en presenza, por valorar que todas posúen **idéntica capacidade** para transmitir coñecementos, conseguindo así que os alumnos e alumnas cheguen a **gozar** do seu contacto coas linguas até percibiren que o coñecer un número crecente delas incrementa a súa **riqueza**, con independencia do carácter máis ou menos **utilitario** de cada un deses idiomas.

Nun plano máis xeral, o que a lei pretende é garantir que o alumnado chegue a posuír as dúas linguas oficiais nun grao de dominio idéntico, con independencia de cal sexa a súa

lingua familiar. E isto xa se pretende no momento de completar o ensino secundario obrigatorio, de xeito que, de alcanzar os alumnos o ensino secundario post-obrigatorio – isto é, o Bacharelato– sen a suficiente competencia nas dúas linguas oficiais, cumpriría revisar toda a actuación previa: ou está a fracasar o Plan Lingüístico de Centro, ou ben a lexislación en vigor é incapaz de cubrir o obxectivo declarado de conseguir o mesmo nivel de competencia entre galego e español.

#### 4. Lexislación

Cronoloxicamente, a ferramenta legal máis próxima é o Decreto 79/2010, do 20 de maio, *para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*. En concordancia con este decreto, asumindo que o centro conta con seccións bilingües (en Cuarto Curso do ESO impártense as Ciencias Sociais co francés como lingua vehicular, e Física e Química en inglés), as disciplinas impartidas en linguas estranxeiras non deben superar un terzo do tempo lectivo, para distribuír polo resto do horario as dúas linguas oficiais en duracións iguais.

Dun rango superior, xa que o propio decreto 79/2010 recoñece que a súa motivación é desenvolvela, é a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de *normalización lingüística*, e o *Plan xeral de normalización da lingua galega*, por unanimidade aprobado no Parlamento de Galiza en setembro do 2004.

Finalmente, nun marco continental é imposible omitir a *Carta europea de linguas rexionais e minoritarias* de 1992, ratificada en 2001 polo goberno español, nin o *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas* (Consello de Europa, 2001).

#### 5.Desenvolvemento do Plan Lingüístico de Centro (PLC)

Segundo se adiantou entre os seus obxectivos, o noso PLC debe de incidir sobre catro vectores básicos, aínda que en absoluto independentes entre si:

- \* Normalización
- \* Seccións bilingües e *Instituto Plurilingüe*
- \* Outras linguas vehiculares
- \* Grupo de adquisición de linguas

## 5.1. Normalización

A necesaria –e legalmente imperativa– normalización das linguas vehiculares oficiais en Galiza non pode incidir en xeito discriminatorio máis que en favor do galego, porque é meridianamente claro e evidente que o español non precisa de ningunha outra axuda que a que xa lle veñen prestando case todas as institucións públicas e privadas desde hai máis de cinco séculos. Moito máis obvia é a situación de asimetría na nosa área xeográfica, tan próxima á cidade da Coruña, de acordo cos hábitos e práctica lingüísticos comentados no apartado 1.2.

En bo número de contextos sociais de Galiza, o galego está pouco presente. É por esa vía onde o instituto debe de fomentar o seu uso, coa pretensión de acrecentar a súa vitalidade e prestixio social: trátase de asociar a lingua a actividades non só tradicionais, senón tamén actuais e socialmente consideradas, de xeito que se perciba como o que é, moito máis que unha materia de estudo.

O que se procura, en suma, é fomentar no alumnado actitudes positivas que eliminen os **prexuízos** contra a presenza do galego, inicialmente, e despois cara ao seu uso: na adolescencia, as actitudes negativas e os prexuízos poden chegar a converterse no obstáculo principal para que a competencia técnica acadada se traduza nunha utilización práctica do idioma.

Ese proceso de creación de actitudes positivas é en Galiza o cerne da planificación lingüística: a parte esencial na evolución da recuperación lingüística constitúea a tarefa de cambiar as actitudes negativas ou prexuízos.

Ao noso xeito de ver, a *normalización* dunha lingua minorizada –no noso caso o galego– non debe procurar eliminar diminuír nin minorizar a lingua preponderante –aquí, o español–, senón algo moito máis inmaterial e invisíbel: que os falantes autenticamente bilingües poidan escoller en cada momento a unha ou a outra sen ceder ás presións sociais que reservan os usos formais e elevados para a privilexiada, que escollan en xeito indistinto e indiferente, debido a que, grazas a que accedeu a un *status* plenamente normal, calquera das linguas presentes chegou a empregarse en absolutamente todos os ámbitos e situacións.

### 5.1.0. Os obxectivos indirectos deste plan son os seguintes:

- Incremento da extensión e da diversidade dos usos sociais da lingua galega, especialmente usos orais
- Desaparición dos prexuízos lingüísticos, aínda tan espallados e visíbeis.
- Implicación de todos os sectores que engloban a comunidade escolar, con especial atención a pais e nais.

As accións a tomar para fomentar o uso da lingua galega sepáranse en dous bloques:

**5.1.1. Medidas que xa viñan aplicándose** neste centro desde hai bo número de cursos, en enteira concordancia cos preceptos legais e que, xa que logo, deben seguirán a exercerse:

5.1.1.1. Emprego sistemático da lingua galega tanto nas relacións internas (carteis, letreiros, avisos, circulares, notificacións) como naquelas que se establezan coas familias, con outros centros, coa administración ou con calquera outro organismo ou institución, tanto público como privado.

5.1.1.2. Páxina *web* do centro.

5.1.1.3. Emprego da lingua galega nas actividades complementarias, extraescolares e actos que organice o centro.

5.1.1.4. Participación en actividades lingüístico-culturais (*Correlingua...*), co apoio ou colaboración da ANPA sempre que for posíbel.

5.1.1.5. O *Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística* (EDNL) ten un papel central no deseño, activación e revisión dos programas de normalización lingüística no centro.

5.1.1.6. O ENDL programa durante cada curso un abano de actividades dinamizadoras, acordes coa realidade e recursos do centro.

### 5.1.2. Novas actividades e actuacións que se propoñen:

5.1.2.1. Acadar a colaboración dos responsábeis das actividades complementarias das tardes (xoves) para acceder a un uso normal do galego nesta banda horaria.

5.1.2.2. Obter o máximo partido do material e recursos existentes, especialmente no campo das novas tecnoloxías, procurando a súa máxima galeguización lingüística e tratando de conseguir outros que se consideren precisos desde ese punto de vista, para



servirse das Tecnoloxías da Información e Comunicación en xeito intensivo e activo por parte do alumnado, con significación creativa.

5.1.2.3. Superar a insuficiencia en galego dos modelos de referencia que o alumnado valora máis socialmente, como actrices e actores, músicos, deportistas... Insuficiencia non significa inexistencia, senón que os medios de comunicación e a cultura dominante distribúen unha parcialísima selección da realidade.

5.1.2.4. Impulsar o traballo do *Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística* (EDNL) do centro.

5.1.2.5. No seu programa de dinamización lingüística, o EDNL debe fundamentarse en actividades dirixidas a unha valoración positiva do uso da lingua entre os membros da comunidade educativa.

5.1.2.6. Coordinar o *Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística* cos homólogos nos centros de primaria e secundaria do concello e das Mariñas coruñesas.

5.1.2.7. Dotar a biblioteca do centro de revistas, fonoteca, produtos audiovisuais e mediateca en galego dentro do Plan Europeo de Mellora das Bibliotecas Escolares.

5.1.2.8. Realizar visitas didácticas que poñan o alumnado en contacto coa realidade lingüística do país, e non só das súas cidades, mesmo aproveitando as programadas por departamentos non lingüísticos con cadansúa finalidade específica distinta da sobredita.

5.1.2.9. Achegar o alumnado ás tradicións orais, musicais, literarias e aos xogos populares da comarca.

5.1.2.10. Organizar sesións de lectura dialogada, coa posibilidade da extensión dos clubs de lectura a pais e nais lectores.

5.1.2.11. Extensión das actividades anteriores ao conxunto da comunidade educativa, incluídas ex-alumnas, ex-alumnos e familias do alumnado.

5.1.2.12. Converter o centro en axente dinamizador –non tanto polos fondos da súa biblioteca, xa que a densa rede de bibliotecas públicas oleirense é ben coñecida e visitada polo alumnado– alén da vida académica estrita, aberto ás familias e aos ex-alumnos e alumnas.

5.1.2.13. Corresponde á Consellería de Educación e O.U. a reciclaxe en lingua galega e a posta ao día do profesorado na súa competencia xeral na lingua.

No que atinxe ao sector do profesorado que imparte as súas disciplinas non lingüísticas en galego, é imposible omitir unha consideración sobre o trato discriminatorio e o manifesto agravio comparativo fronte aqueles que o fan en linguas estranxeiras: para o profesorado dedicado ás seccións bilingües e ensinanzas plurilingües, a administración prové todo xénero de axudas formativas, incluíndo cursos no estranxeiro, mesmo no Canadá, e axudantes de conversación que en casos frecuentes veñen do outro lado do Atlántico. Pola contra, o profesorado obrigado a impartir disciplinas en galego foino sempre directamente por decreto e sen ningún xénero de apoio formativo extraordinario –ou sexa, superior ao dos demais docentes–, incentivos, reducións nin beneficios. Daquela, non sorprende que a calidade do galego empregado polo profesorado que imparte neste idioma disciplinas non lingüísticas poida ser deficiente: aínda que en ningún caso se pon en dúbida a profesionalidade e elevada vontade de traballo dos profesores e profesoras deste centro, é razoábel pedir que no conxunto de Galiza se apoie técnica e formativamente a estas e estes docentes tanto como se fai cos que imparten as súas disciplinas non lingüísticas en idiomas estranxeiros.

## **5.2. Seccións bilingües e *Instituto Plurilingüe***

O que este plan procura neste campo atinxe fundamentalmente á coordinación entre departamentos, que afectará en conxunto aos de Francés, Inglés, Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura. A actuación primordial debe incidir nos aspectos seguintes:

5.2.1. Unificar criterios para traballar as catro destrezas básicas (comprensión e expresión oral e escrita).

5.2.2. Distribuír o tratamento dos contidos entre os departamentos, coa finalidade de non repetir contidos (definicións...).

5.2.3. Unificar a terminoloxía entre departamentos (tempos verbais, análise sintáctica...).

Como mecanismo de auto-aprendizaxe cabe servirse do *Portfolio Europeo das Linguas*. Suxírese o asentamento dun compromiso de produción periódica de textos significativos nas diferentes áreas de coñecemento, acompañado da pertinente reflexión metalingüística nas áreas lingüísticas.

Ao tempo, cómpre relacionar para cada curso, e en particular no presente 2011-2012, a presenza no centro de auxiliares de conversa –no presente curso académico só para

lingua francesa– e actividades complementarias como a participación nun *proxecto Comenius* en cooperación con centros de Francia, Italia e Polonia, e un intercambio xa con tradición, porque xa tivo lugar durante varios cursos sucesivos, cun centro de ensino medio de Vannes (Bretaña).

A maiores, en todo canto atinxa as seccións bilingües e ensinanzas plurilingües é preceptivo que o departamento lingüístico correspondente –no noso caso, francés ou inglés– manteña sistematicamente reunións periódicas cos departamentos non lingüísticos que imparten cadansúa disciplina en cada unha desas linguas, ao obxecto de negociar a introdución progresiva dos contidos lingüísticos vehiculares superpostos aos específicos da disciplina, e de supervisar todos os problemas e dúbidas relacionados coa lingua vehicular empregada.

Corresponde á Consellería de Educación e O.U. a reciclaxe na lingua estranxeira para a posta ao día do profesorado, quer nos aspectos referidos á competencia xeral no idioma, quer na competencia específica nos aspectos lingüísticos da materia que impartan.

Como obxectivo, tenderase así á integración curricular das áreas lingüísticas, por unha banda, e das non lingüísticas pola súa parte, coa finalidade de chegar a elaborar un **currículo integrado das linguas** no que todas elas compartan situacións, tarefas e problemas a resolver polos estudantes sobre unha base de labor común, arredor de textos e xéneros discursivos en diferentes niveis de competencia.

A aprendizaxe integrada de linguas e contidos realízase nunha dobre vía: áreas lingüísticas / áreas non-lingüísticas. Nas primeiras, o profesorado asume como material de traballo o discurso académico e textos das restantes materias (reais decretos 1513/2006 e 1631/2006), tanto na perspectiva da produción-recepción de textos como na reflexión metalingüística. Nas áreas non-lingüísticas convén que o profesorado reflexione sobre o propio discurso coa útil axuda das compañeiras e compañeiros especialistas en linguas, e desde aí propoña tarefas na aula coa finalidade de que o alumnado chegue a dominar os recursos lingüísticos específicos da materia, porque traballar co léxico especializado nas interaccións propias de cada materia consente aos estudantes accederen a novas experiencias de vida que enriquecen a súa competencia comunicativa.

Nunha fase máis avanzada, cabería propor a aprendizaxe de lingua en conexión coa familias, mediante

- a participación de pais e nais na xestión da biblioteca

- a lectura en familia
- o deseño de actividades complementarias que no seo das propias familias axuden a desenvolver a competencia en comunicación lingüística.

### 5.3. Outras linguas vehiculares

Á pluralidade lingüística do Estado Español creada pola Historia agrégase actualmente a diversidade cultural e idiomática das *novas migracións*, unha nova realidade social que cómpre asumirmos dentro do artigo 27 da Constitución Española: *todos teñen o dereito á educación*.

O *Proxecto Educativo de Centro* pode conter actuacións destinadas ao alumnado de procedencia estranxeira, como un *Plan de acollida*, un *Plan de atención a alumnado de incorporación tardía*, un *Plan de educación intercultural*... Da súa banda e dentro do seu ámbito, o PLC debe contemplar as situacións desas alumnas e alumnos que falen linguas distintas ás vehiculares en Galiza e fornecer as actuacións pertinentes por medio de plans de traballo que se prolonguen no tempo tanto canto sexa preciso, axustados ás necesidades do alumnado e das familias, no marco dun ensino inclusivo. O dereito á educación pasa por unha axeitada formación lingüística que lles consinta accederen ás dúas linguas de Galiza desde posicións de respecto ás súas linguas maternas.

Están presentes no centro idiomas que teñen práctica habitual entre as alumnas e alumnos, e non só por seren de uso familiar, senón que se empregan tamén no centro: poñendo á marxe romanés e chinés, por estaren individualizados (cadros en 1.1), consideramos moi directamente o amplo e compacto núcleo de brasileiros e brasileiras (1.2, último parágrafo).

No que respecta ao grupo de brasileiros, algúns deles expresaron ocasionalmente o seu desexo de recibiren certo xénero de apoio docente optativo ao obxecto de non perderen a súa lingua materna. Este Plan Lingüístico de Centro contempla a posibilidade de consultar formalmente se o conxunto dese colectivo tería interese maioritario ou, cando menos, numericamente significativo en recibir unha tal docencia; mais, para evitar crear falsas expectativas, unha consulta semellante só podería ter lugar no caso de existir algunha posibilidade de contar co pertinente profesorado de apoio, isto é, cun mínimo compromiso por parte da autoridade (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria). Nese

caso, sería moi conveniente que o profesorado en cuestión estivese en condicións de impartir a norma brasileira da lingua, no canto da europea.

#### 5.4. Grupo de adquisición de linguas

Vista a experiencia de anos anteriores, cando desembarcaron no I.E.S.P. *Xosé Neira Vilas* numerosas alumnas e alumnos chegados de países estranxeiros sen o menor coñecemento de ningunha das linguas presentes no centro, en cursos sucesivos solicitouse reiteradamente que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria provea profesorado especializado destinado á creación dun *Grupo de adquisición de linguas*. Como nunca se contou co profesorado pedido, a tarefa encomendouse ao Equipo Psico-Pedagóxico do centro e aos departamentos de lingua e literatura Española e Galega.

Para o hipotético alumnado que no futuro chegue desde o exterior de Galiza e descoñeza algunha das linguas oficiais, seguirá a ser preciso contar cun *programa de adquisición de linguas*, coa permanente dificultade temporal experimentada en cursos anteriores, consistente en que o novo alumnado que se incorporaba ao centro procedente do hemisferio sur, en razón da diferente secuencia do seu ano académico, facía ao longo de todo o noso curso entre setembro e xuño, mais con preferencia nos primeiros meses do ano natural.

Calquera que o caso sexa, en relación coa presenza de idiomas alleos á nosa contorna o centro opta por actuacións baseadas na **integración** e non na **asimilación**; é dicir, ante situacións novas no sistema educativo prefire achegar solucións novas: trátase de non anular esas linguas no escenario, antes ben, que permanezan visíbeis, no canto de illar os alumnos e alumnas que as falan procúrase integralos e integralas, sobre todo a atopar o apoio ou reforzo que consinta a este alumnado acadar os obxectivos lingüísticos estipulados.

Naturalmente, para o alumnado de lingua estranxeira o idioma galego ten que desempeñar un papel tan importante como o español, mesmo a costa dun apoio máis específico, contando con que estas alumnas e alumnos han de recibir un número importante de materias en lingua galega.

## 6. Atención á diversidade

Para aquelas alumnas e alumnos que non teñan a competencia lingüística axeitada será forzoso adoptar especiais medidas de atención.

- Fomentárase a expresión, sobre todo oral, das alumnas e alumnos con insuficiente dominio dunha lingua, ao obxecto de acadaren canto antes a maior fluidez posíbel.
- Apoiárase este alumnado de xeito individual e en pequenos grupos ata acadar os resultados adecuados, a nivel oral e escrito.
- O profesorado elaborará material adecuado ao nivel lingüístico do seu alumnado, co obxectivo de que chegue a seguir con proveito as ensinanzas que se lle imparten.
- Cabe recoller todas as accións educativas a desenvolver en respectivas adaptacións curriculares.

## 7. Auto-avaliación e crecemento futuro

Este Plan Lingüístico de Centro non é un documento pechado nin inamovíbel. Segundo o curso avanza, este programa de intervención deberá irse avaliando e axustando en función da resposta, medios ao dispor e as incidencias que poidan xurdir, das que convirá tomar conciencia chegado o seu momento.

Anualmente pode modificarse e evolucionar con vontade de mellorarse, mediante *addendas* baseadas na experiencia verificada, até converterse na ferramenta que consinta planificar, desenvolver, coordinar e avaliar a integración de linguas e contidos no currículo.

Futuras versións deste PLV poderán crecer mediante a inclusión de aspectos non contemplados nesta, como

- Contidos
- Metodoloxía pedagóxica
- Criterios de avaliación...

para cada unha das linguas que o centro imparte.

## 8. Consideracións finais

O plan de actuación para a dinamización lingüística procurará ser realista e flexíbel, porque precisará dunha avaliación continuada que asegure o cumprimento dos obxectivos.

A mellor contribución que cada disciplina pode achegar ao desenvolvemento da competencia de todo o alumnado en comunicación lingüística será participar en tarefas académicas que supoñen un reto cognitivo, sempre dentro de contextos que faciliten a comprensión.